

LICEO FRANCISCANO
Núm 224 (Enero-Junio 2025), pp. 153-180
ISSN 0211-4011
e-ISSN 2530-917X
D.L. C755-2003

Teología y Espiritualidad

O BELEN DE SAN FRANCISCO EN GRECCIO: NOTAS HISTÓRICAS E ACTUALIDADE

→ Martín Carbajo-Núñez*

* Pontificia Università Antonianum
ISTM, Alfonsianum
FST - University of San Diego (USA)
mcarbajon@gmail.com

O BELEN DE SAN FRANCISCO EN GRECCIO: NOTAS HISTÓRICAS E ACTUALIDADE

RESUMO

Este artigo responde á celebración do oitavo centenario da escenificación da Natividade que Francisco de Asís realizou en Greccio, o ano 1223. Adóitase considerar que ese evento impulsou a tradición “do fermoso signo do pesebre” e o “clima espiritual que rodea o Nadal”. Ademais de ofrecer algunhas notas históricas sobre aquela celebración, o artigo pona en relación con varios temas da tradición teolóxica franciscana e reflexiona sobre a súa relevancia na sociedade actual.

Palabras chave: Francisco de Asís, Franciscanos, Regra bulada, Belén, Nadal.

ABSTRACT

This article is intended as a contribution to the celebration of the eighth centenary of Francis of Assisi's Nativity scene in Greccio, in 1223. It is generally considered that this celebration gave rise to «the enchanting image of the Christmas crèche» and to the «intense spiritual atmosphere that surrounds Christmas». In addition to offering some historical notes, this article relates it to various themes of the Franciscan theological tradition and reflects on its relevance for today's society

Keywords: Francis of Assisi, Franciscans, Greccio, Nativity scene, Christmas

Recibido/Received: 08/04/2024

Aceptado/Accepted: 17/10/2024

Este artigo responde á celebración do oitavo centenario do belén vivente que Francisco de Asís realizou en Greccio (Italia) no ano 1223. Con ese fin, ponse en relación ese belén con algúns dos grandes temas teolóxicos da tradición teolóxica franciscana e reflexiónase sobre a súa forza inspiradora na actual sociedade secularizada. Hoxe temos transformado o Nadal nunha festa do consumismo. Entre luces e agasallos estamos a perder a capacidade de contemplar a humildade e a pobreza do Neno-Deus, que nos chama a seguir seus pasos observando fielmente o Evanxeo.

O Papa Francisco nos convida a “alentar” na nosa sociedade a tradición “do fermoso signo do nacemento”¹ e recoñece que tivo a súa orixe no belén vivente de San Francisco en Greccio. Este recoñecemento papal non nega as evidentes similitudes daquela celebración coa tradición medieval de escenificar os misterios do Nadal. A de San Francisco en Greccio non foi a primeira escenificación da Natividade², pero a súa vinculación á Eucaristía, o carisma do Santo de Asís e a forma en que todos os presentes se sentiron involucrados fixeron que a tradición popular considere a San Francisco como o iniciador e difusor dos beléns³. Bieito XVI confirma que “o particular e intenso clima espiritual que rodea o Nadal desenvolveuse na Idade Media, grazas a san Francisco de Asís”⁴.

¹ PAPA FRANCISCO. *Admirabile signum*. Carta apostólica (1.12.2019), [AdS], 1. En: AAS 111/12 (6.12.2019) 1839-1848. Respecto ao amplo debate sobre a orixe do Belén: ACCROCCA Felice. *Francesco fratello e maestro*. Padova: Messaggero, 2012, 17-29. O autor traduciu ao galego os textos do Maxisterio eclesiástico e das fontes franciscanas que aquí aparecen.

² Nel 1581, Juan Francisco Nuño, «trasformò l'evento di Greccio nel primo presepe della storia e fece di Francesco l'inventore di questa pia tradizione». ACCROCCA Felice, «Il Natale di Greccio nella testimonianza delle fonti», en CACCIOTTI Alvaro, (ed.). *Il Natale di Francesco a Greccio*. Milano: Ed. Biblioteca Franciscana, 2022, 36.

³ Cf. LEHMANN Leonard. El «Salmo Navideño» de san Francisco (OfP 15). En: *Selecciones de Franciscanismo* [SelFran], XX/59 (1991) 261-263. San Francisco dio «una contribución decisiva a la difusión de la tradición navideña» del belén. BIEITO XVI. Audiencia xeral (23.12.2009). En: *Insegnamenti di Benedetto XVI*, V/2 (2009) 785. Cidade do Vaticano: LEV, 2010 [consulta: 02.06.2024]. Disponible en: <https://goo.su/tNBsi>

⁴ BIEITO XVI. Audiencia xeral (23.12.2009).

Aquela representación en torno a manxadoira non incluía imaxes, senón só seres vivos. Francisco quería que os verdadeiros protagonistas fosen os asistentes, incluíndo ao boi e ao asno que, segundo a exexese patrística, representaban aos hebreos (boi) e aos pagáns (asno)⁵. Todos os pobos e todas as criaturas estaban incluídos. En efecto, tamén “a selva resoa de voces e as rocas responden os himnos de xúbilo”⁶.

Na primeira parte deste artigo se presentan e cotexan os dous textos principais das fontes franciscanas que narran a celebración natalicia en Greccio. A continuación, o Belén é posto en relación con algúns temas da tradición teolóxica franciscana: O misterio de Deus como amor xeneroso (2ª parte); a primacía e centralidade de Cristo (3ª parte); a percepción de todo o existente como unha familia (4ª parte); a bondade e sacramentalidade da creación (5ª parte).

► OS RELATOS DO BELÉN VIVENTE DE SAN FRANCISCO.

Este estudo baséase no texto de Tomás de Celano (1Cel 84-87), que é posto en relación co de Bonaventura⁷. Aquela celebración aparece descrita tamén noutras fontes franciscanas, concretamente no capítulo 19 do tratado dos milagres de Celano⁸, na recentemente descuberta “*Vita brevior*” do mesmo autor⁹, na *Vita sancti Francisci* de Julián de Expira (+1250) e na *Legenda sancti Francisci* (1232-1234), versificada, de Henrico Abrincensi (Enrique de Avranches)¹⁰.

⁵ “Bos de Iudaeis, asinus de Gentibus; ambo ad unum praesepe venerunt, et verbi cibaria invenerunt”. AGOSTINO DE HIPONA, Sermo 375 (PL 39, 1668). Esta interpretación era común na exégesis patrística.

⁶ TOMÁS DE CELANO. Vida primeira [1Cel], 85. En: GUERRA Xosé Antonio, (ed.). *San Francisco de Asís. Escritos, biografías, documentos de la época*. Madrid: BAC, 2013 (4ª imp.), 135-228. Este artigo é unha adaptación do segundo capítulo do noso libro en castelán: CARBAJO-NÚÑEZ Martín. *Celebrando la vida: La Regla y Greccio (1223-2023)*. Vitoria-Gasteiz: Arantzazu, 2023.

⁷ BOAVENTURA. Lenda maior [LM], 10,7. En: GUERRA Xosé Antonio, (ed.). *San Francisco de Asís. Escritos, biografías, documentos de la época*. Madrid: BAC, 2013 (4ª imp.), 396-510.

⁸ TOMÁS DE CELANO. Tratado dos milagres 3,19. En: GUERRA Xosé Antonio, (ed.). *San Francisco de Asís. Escritos, biografías, documentos de la época*. Madrid: BAC, 2013 (4ª imp.), 360-376.

⁹ TOMÁS DE CELANO. *La nueva vida de Francisco de Asís. ¡Un hallazgo!* Vitoria-Gasteiz: Arantzazu, 2015, nn. 63-69.

¹⁰ FR. IULIANUS SPIRENSIS. *Vita S. Francisci*. En: AA.VV. *Legendae S. Francisci Assisiensis saeculis XIII et XIV conscriptae*. Quaracchi: Ad Claras Aquas 1926-1941, Fasc. IV, 360-361; HENRICUS ABRINCENSIS. *Legenda S. Francisci versificata*. En: *Ibid.* 362ss. Cf. PRINZIVALLI Emanuela - FIORELLI Lorenzina. Alcune riflessioni sulla «Vita s. Francisci» di Giuliano da Spira. En: *Hagiographica* 3 (1996) 137-162; ACCROCCA F. Il Natale di Greccio nella testimonianza delle fonti, 23-28. Enrique de Avranches, na sua *Legenda sancti Francisci versifiata* (1232-1234), fai unha versión algo distorsionada da celebración de Greccio seguindo a Celano. *Ibid.* 21-22.